

# ***Ruta das Cruces***



**Cofradía de Pescadores de Carreira y Aguiño**

Numerosas probas en forma de igrexas, capelas, cruces e cruceiros dan testemuña da importancia das formas relixiosas na comunidade. Moitos son os santuarios e lugares espirituais que conectan o mundo sacro e o mundo profano. Algúns deles son os seguintes:

## 1. As igrexas e capelas

### 1.1. Igrexa Parroquial da Nosa Señora do Carme (Aguiño)

A súa construción comeza en 1959, no momento en que Aguiño se segrega como parroquia de San Paio de Carreira.



**Comezo das obras da Igrexa de Aguiño**

O edificio é obra do arquitecto Antonio Tenreiro Bonachón, e foi inaugurado en 1967 como o primeiro templo da era moderna que conta con inscricións realizadas en galego. Ademais, presenta un aspecto moderno e unha disposición moi funcional na que se poden dar cita preto de 500 fieis.



**Fachada principal da Igrexa do Carme**

Coordenadas GPS: N42.31.543 - W09.00.964.



**Igrexa recién construída**



**Detalle do interior**

### **1.2. Igrexa de San Paio (Frións-Carreira)**

Coñécese que no mesmo solar houbo un anterior templo, posiblemente romano. A actual construción neoclásica (1717) consta dunha soa nave, sancristía e campanario. Conserva unha imaxe da Dolorosa de mediados do século XIX obra de José Ferreiro. A nave principal ten forma de cruz latina, con brazo transversal moi curto. Divídese en catro tramos por arcos faxóns de medio punto que sosteñen una bóveda de canón ata o presbiterio en bóveda de cruzaría. A fachada principal é moi sinxela: una porta rectangular sen ornamentos, cunha fiestra enriba.

Un incendio a comezos do s. XX queimou o primitivo retablo maior barroco; un lóstrego xa tiña destruído a torre do campanario en 1818, e o mestre canteiro que o estaba a refacer faleceu nun desafortunado accidente ao caer dende o tellado xusto antes de colocar o remate.



**Igrexa de San Paio**



**Detalle do altar e retablo interior**

Coordenadas GPS: N42.32.940 - W09.00.360.

### 1.3. Capela de Nosa Señora da Guía (Carreira)

Esta capela foi posiblemente construída na Idade Media, antes do século XV por unha orde de monxes mendicantes aínda que pola súa dificultade para ser catalogada dentro dun estilo arquitectónico é moi complicado coñecer exactamente a data da súa construción. O estilo da mampostería diluíuse un pouco debido a algunhas ampliacións levadas a cabo a principios do s. XX.

Esta antiga capela levántase nunha pequena elevación do terreo pouco pronunciada, pero o suficiente como para que destaque entre o conxunto tan disperso de casas de Carreira.

Este lugar era coñecido antigamente polo nome da "Toxeira de Entrematos" porque soamente existían toxos, silvas e matos. Consérvanse varias lendas arredor da súa orixe: unha delas conta que uns mariñeiros atoparon a imaxe da Virxe na praia de Aguiño; collérona entre varios, pero como pesaba tanto deixárona abandonada na toxeira dos niños da Aguia, un lugar escuro cheo de criaturas salvaxes.

Foi aquí onde se creou a Capela da Guía, que lembraba o dominio do ben sobre o mal, deixando para o recordo o lugar da "Toxeira de Entrematos".

A nova capela serviu como amparo orientación e "guía" aos homes do mar de Aguiño.



Capela da Nosa Señora da Guía



Detalle do muro e fachada principal

Actualmente, entorno a esta capela celébrase a romaría da Guía o luns de Pentecostes citada xa en documentos no século XV, e lémbrese a queima de embarcacións vellas no adro da igrexa para bendicir as novas.

Coordenadas GPS: N42.32.492 - W09.00.733.

#### 1.4. Capela de San Roque (Carreira)

A capela de San Roque da Granxa posúe unha construción e un aspecto moi sinxelo. Foi fundada polo párroco Lorenzo Taboada en 1679. O edificio actual foi reconstruído polos seus propietarios, a familia Correa a principios do XX.

Abandonouse o seu culto, por diversas causas, entre as que decata un preito entre os veciños de Santa Uxía de Ribeira e San Paio polos lindes de ámbalas dúas parroquias (1816). Máis tarde arranxárase ata retomar a festividade do 16 de agosto, onde numerosas persoas asisten á romaría campestre que se celebra nesta capela.



Capela de San Roque

Coordenadas GPS: N42.33.402 - W09.00.363.

#### 1.5. Capela de Santa Catalina

A actual Capela de Santa Catalina situada na Illa de Sálvora, era antigamente a cantina onde se reunían os habitantes do poboado desta illa.



Capela de Santa Catalina

### 1.6. Igrexa Parroquial do Bon Pastor (Castiñeiras)

Castiñeiras é parroquia eclesiástica desde 1967 e o seu templo principal era a capela do colexio do Sagrado Corazón, establecido polas Irmáns desta orde entre 1917 e 1983. Deseñada polo arquitecto José A. Franco Taboada, esta igrexa de planta oval garda relación coa cultura do traballo, a través da súa decoración interior. Entre as pezas máis valiosas conta cun gran Cristo no retablo, obra de Alfredo de Santiago.



Igrexa do Bon Pastor (Castiñeiras)

Coordenadas GPS: N42.32.022 - W08.59.748.

### 1.7. Ermida de San Alberte (Ribeira)

Ermida románica do século XII que se atopa a 174 metros de altitude. Precisamente neste outeiro antes houbo un castro que logo foi cristianizado. Esta pequena capela conserva da súa fábrica orixinal románica o presbiterio do século XI, construída en honor a San Alberte, protector de mariñeiros e labradores. O resto da nave pertence ao século XVIII ao igual que a sancristía que se engadiu nun lateral do presbiterio, e na que foron reciclados materiais doutra capela.



Ermida de San Alberto

Coñecida como a romaría do "cambio de tella", conta a tradición que ao mover unha tella da cuberta da ermida dende un punto cardinal ata o contrario, podían regular a

dirección do vento no sentido que crían máis favorable. Normalmente, era feita polas mulleres dos mariñeiros coa intención de acelerar a chegada dos seus homes a porto.

Hai outra tradición moi arraigada nesta ermida. Consta en lanzar unha tella, dende unha distancia que determina o lanzador, e acertar dentro da fiestra. Se a tella non cae ao chan, permanecendo baixo a fiestra, ao cabo dun ano conseguíase mozo. Se non se acerta á primeira pódese tentar as veces que se queira, pero os anos en atopar mozo corresponderán ao número de veces que se tire a tella. De aí a famosa frase de "tirar os tellos" como sinónimo de buscar mozo/a. Esta costume ven refutada pola seguinte secuencia:

*"A San Alberte bendito non lle veño pedir pan,  
véñolle pedir un home que faga tremar o chan".*



**Fiestra onde se lanza a tella**

Coordenadas GPS: N42.34.653 - W.09.59.810.

### **1.8. Igrexa de San Martiño (Oleiros)**

Anteriormente foi a igrexa parroquial de San Martiño (Martín) de Oleiros. O templo primitivo debeu ser románico. Destas datas sobreviviu unha escultura: unha Mater Dolorosa tallada en granito que se atopa nun dos muros do atrio. No mesmo solar edificouse en 1769 outra igrexa de estilo neoclásico. En 1859 foi ampliada. É famosa una copla popular dedicada ao párroco:

*"O cura de San Martiño,  
éche moi bo confesor,  
que confesa coa criada,  
debaixo do cobertor".*



**Igrexa de San Martiño**

Coordenadas GPS: N42.36.177 - W09.00.363.

### 1.9. Igrexa Parroquial Sta. María (Olveira)

Construída no ano 1967, a imitación do estilo clásico, foi situada no lugar da Agra, unha rexión equidistante entre as dúas parroquias que foran fusionadas por tales datas: Oleiros e Olveira. Levantada en cantería sobre unha base en cruz, ten unha lonxitude duns 30 metros. No altar consérvanse unhas reliquias dos santos mártires de Nectario e Victorina, que datan do século III.



Igrexa de Santa María

Coordenadas GPS: N42.35.454 - W.09.01.985.

### 1.10. Iglesia Vella (Olveira)

Un dos templos románicos máis antigos da comarca. A última ocasión en que foi reconstruída lévanos ata 1742, como o indica a inscrición no arco da entrada, co cal queda encadrada no estilo neoclásico. Situada nun outeiro de Olveira, asómase na cume para divisar toda a extensión da parroquia e incluso o Parque Dunar.

Recentemente atoparon unha cripta cunha escaleira entre paredes, un Agnus Dei e dúas columnas con capiteis que certificaban a orixe románica deste templo. O adro foi utilizado como cemiterio e actualmente está cuberto de lápidas de orixe románica.



Igrexa Vella

Coordenadas GPS: N42.35.458 - W09.02.833.



### 1.11. Igrexa Parroquial de Santa María (Corrubedo)

Este templo neoclásico data de 1907 cando Corrubedo se incluía na parroquia de Olveira. Corrubedo alcanza a súa independencia en 1928. O acceso a esta igrexa faise entre as vivendas e rúas labirínticas do pobo. Conta cun pequeno adro. A anterior igrexa ocupaba o mesmo solar, e a nova foi edificada polo mestre canteiro J. Rey Bretal.



Igrexa de Corrubedo

Coordenadas GPS: N42.34.398 - W09.04.436.

## 2. Cruceiros e petos de ánimas

Numerosas probas en forma de cruces, cruceiros e petos de ánimas anuncian a importancia do culto aos mortos en toda Galicia. Soen ser de granito, e localízanse nas proximidades dos recintos relixiosos e nas encrucilladas dos camiños, lugares que segundo as crenza popular indican a confluencia entre o mundo dos vivos e o mundo dos mortos.

Nunha obra de Castelao descríbese perfectamente a simboloxía destes elementos:

*"Onde hai un cruceiro houbo sempre un pecado;*

*E cada cruceiro é unha oración de pedra que fixo baixar un perdón do ceo".*

### 2.1. Cruceiros de Aguiño

As cruces e cruceiros son sufraxios esculpidos en pedra que salpican o territorio de Aguiño. A súa función é a de axudar a que os pecadores recuperen o favor perdido de Deus. Dende moi antigo estes elementos téñense utilizado para cristianizar algúns lugares de culto.



**Cruceiro do adro da Igrexa do Carme do século XX (Aguiño)**



**Cruceiro do porto do século XVIII**

*Coordenadas GPS (Cruceiro Igrexa): N42.31.543 - W09.00.964.*

*Coordenadas GPS (Cruceiro Porto): N42.31.271 - W09.01.158.*

## **2.2. Cruceiro do Cristo dos Aflixidos**

Está situado en Montevixán, o corazón urbanizado de Carreira. Esta cruz sobre columna octogonal é un dos máis recentes cruceiros do municipio. Aínda que perde o encanto das figuras traballadas artesanalmente, ten una grande forza expresiva.



**Cruceiro do Cristo dos Aflixidos**

*Coordenadas GPS: N42.32.338 - W09.00.745.*

### 2.3. Cruceiro de Frións

Situado no barrio de Frións, ao carón da igrexa de San Paio de Carreira. Ao igual que o Cristo dos Aflixidos, pertence á escola moderna que aposta polo perfeccionismo anatómico e a carga dramática. Consiste nunha base ortogonal disposta en chanzos, unha columna hexagonal e un chapitel composto de facianas de anxiños e de volutas que soportan a cruz.



**Cruceiro de Frións**

*Coordenadas GPS: N42.32.940 - W09.00.360.*

### 2.4. Cruceiro do Outeiro

Situado no lugar de Outeiro, na parroquia de Artes e xusto ao carón da igrexa e do cemiterio. Presenta unha cruz sobre capitel e columna hexagonal de grande beleza. Tamén o caracteriza a dupla frontalidade, coma o cruceiro de Frións.



**Cruceiro do Outeiro**

*Coordenadas GPS: N42.34.513 - W09.00.298.*

## 2.5. Cruceiro de Banda ao Río

Este cruceiro atópase no barrio de Banda ao Río, o xerme do casco vello de Santa Uxía de Ribeira e barrio por excelencia dos pescadores e mariñeiros. Este cruceiro de construción e forma recente presenta unha crucifixión con sinxeleza, só adornada cun capitel barroquizante no que se observan volutas entrelazadas, motivos vexetais e unha faciana dun anxiño en cada cara.



Cruceiro de Banda ao Río

Coordenadas GPS: N42.33.114 - W08.59.267.

## 2.6. Cruceiro e peto de ánimas do Castelo

Situado no barrio do Castelo, en pleno casco urbano de Santa Uxía de Ribeira, preto da praza de abastos, pasa por ser un dos monumentos deste tipo máis emblemáticos da vila, dedicado á Virxe da Saúde xa en 1867. Trátase dunha cruz sobre furna e columna octogonal, coa base disposta en chanzos de dúas vertentes. A súa escasa altura confírelle un aspecto rudo pero de indubidable beleza pola súa imaxinería e estilo.



Cruceiro do Castelo

Coordenadas GPS: N42.33.187 - W08.59.376.

## 2.7. Cruceiro e peto de ánimas de Nosa Señora de Belén ou da "Santa de Moldes"

Situado no lugar de Moldes, ao pé da estrada cara a Curota ou a Pobra atópase este peto de ánimas, unha manifestación da arte popular destinada a recoller sufraxios e esmolos polos condenados. Deste cruceiro e peto de ánimas con imaxe, destaca a sinxeleza coa que se tratou a temática: unha representación da Virxe, na súa dobre faceta de Nai e Raíña, e do Neno no seu colo, protexido e ao mesmo tempo protector ou salvador do mundo. Mediante a policromía o conxunto consegue unha grande expresividade facial; os trazos curvos e os enormes ollos das figuras acadan unha expresión doce, lonxe de calquera hieratismo dramático. Este conxunto pode adscribirse a unha orixe máis artesanal e popular. Por iso é o centro dunha das romaxes máis importantes e a que máis veciños acolle en todo o municipio.



**Cruceiro da Santa de Moldes**

*Coordenadas GPS: N42.36.253 - W08.58.960.*

## 2.8. Cruceiro e peto de ánimas do Viso

Atópase na aba dunha pequena elevación do terreo, nun claro rodeado de arborado en pleno medio rural da parroquia de Oliveira, que realza o monumento. Consiste nunha cruz con furna sobre piar octogonal e base ortogonal en chanzos. O conxunto aseméllase ao consagrado á Virxe da Saúde no Castelo, en Santa Uxía. A escasa altura permitía depositar as esmolos dentro da furna.



**Cruceiro de O Viso**

*Coordenadas GPS: N42.35.308 - W09.02.026.*

### 3. As Cruces


As cruces salpican a costa galega. Aparecen nos lugares onde houbo un naufraxio, como unha lembranza permanente ás vítimas para pedir aos que as avistan un compasivo sufraxio polas súas almas, que atoparon a morte sen posibilidade de arranxar contas con Deus.

#### 3.1. Cruz de Punta Besugueiros

Tal é o caso de Punta Besugueiros, na Illa de Sálvora. O dous de xaneiro de 1921 o navío Santa Isabel, que cubría a rota marítima entre Cádiz e Bilbao, naufragou na "baixa de Apegar", na entrada da Ría de Arousa. Entre tripulación e viaxeiros, 213 persoas foron tragadas polo mar e outras foron rescatadas, sobre todo grazas á axuda das mulleres que vivían na illa.

A partir daquela data, levantouse na Punta Besugueiros de Sálvora, unha cruz da que soamente se conserva a base e a placa de mármore coa seguinte inscrición:

*"Al joven Don Carlos Verdier y Escobar agregado que desapareció en el naufragio del vapor Santa Isabel y la memoria de las demás víctimas de dicho siniestro ocurrido en esta agua en la madrugada del 2 de enero de 1921. Dedicán este recuerdo los desconocidos padres de Carlitos. Cádiz 22 de julio de 1921".*



Punta Besugueiros, SW da Illa de Sálvora

#### 3.2. Cruz de Aguiño

A Cruz de Aguiño é unha cruz romana que se ergue sobre unha imponente pedra. A súa peculiaridade indica que a cruz serviu para cristianizar un lugar posiblemente de culto pagán. Non é fácil encontrala. Atópase no centro do pobo, entre unha morea de casas.



**Cruz de Aguiño**

*Coordenadas GPS: N42.31.476 - W09.01.275.*

### **3.3. Cruz de Couso**

É moi famoso entre os mariñeiros a “Cruz de Couso”, unha cruz, agora desaparecida, que lembraba algún acontecemento desgraciado na costa de Aguiño.

Antes de que se quitase, servía aos pescadores como referencia para localizar caladoiros e roteiros de pesca. Ademais, nesta zona encontrábase o antigo porto onde varaban as dornas os mariñeiros de Aguiño.



**Ao fondo, lugar onde estaba a “Cruz de Couso”.**

*Coordenadas GPS: N42.31.209 - W09.02.321.*

### **3.4. Cruces de hórreos**

As cruces tamén aparecen nas construcións que se empregan para almacenar as colleitas, coma os hórreos. A cruz era un símbolo que se poñía no alto dos hórreos para protexer a colleita de malos espíritos.



Hórreo no adro da Igrexa de Aguiño



Hórreo en Frións (Carreira)

Coordenadas GPS (Hórreo Aguiño): N42.31.543 - W09.00.964.

Coordenadas GPS (Hórreo Frións): N42.32.940 - W09.00.360.